

abcde

Ó cole por primeira vez

Se o fillo ou filla vai comezar o colexio, pero pasou previamente por unha escola infantil ou gardería, probablemente a adaptación será máis rápida e sinxela. Sen embargo, tamén notará cambios ós que deberá acostumarse:

- De ser o maior na escola infantil pasará a ser dos máis pequenos no cole. Esta situación provocarlle certa inseguridade.
- O edificio do colexio acostuma ser moito máis grande, polo que é posible que se sinta desorientado.
- Encontrarase nunha nova aula, outros compañeiros e un profesor distinto . Todos estes factores crean desconcerto.

Será moi importante que o neno e a nena perciban boa relación entre os pais e os profes... isto axudarlle a sentirse máis a gusto.

PARA SABER MÁIS

- VARIOS (2007): O proceso de adaptación. E ti...vas a escola?, Xunta de Galicia.
- Programa Preescolar na Casa na TVG, 611, xuño 2009

Edición 2009



Fundación
Preescolar na Casa
Espazos Educativos

Garaballa de Arriba, 9 · 27003 · Lugo · Tel. 982 216 001 · Fax 982 202 781
correo@preescolarnacasa.org www.preescolarnacasa.org



síntome querido

Ó cole por primeira vez



A entrada no colexio é un paso moi importante no desenvolvemento dos nenos e nenas:

- Por primeira vez van saír do seu núcleo familiar para entrar no escolar, onde descubrirán espazos, persoas, amigos e actividades e amigos novos.
- De ser o centro de atención pasarán a converterse nun máis do grupo. Terán que aprender a compartir, esperar, ser tolerantes,...

En definitiva, darán un paso de xigante no seu proceso de socialización e maduración.

Pero ás veces, a incorporación ó centro educativo, cos cambios que conleva, pode converterse, en algo difícil ou problemático: prantos, rabechas...

É posible que esta tensión dos primeiros días provoque algún trastorno do sono, alimentación,.... Non hai que alarmarse, é algo normal, debido ó forte apego e vínculo familiar, pouco a pouco, irase adaptando.

O papel dos pais e nais non é evitarlle o conflito, senón axudarlle nesta etapa de maduración. Para facilitarlles a adaptación á nova situación é fundamental que non lles transmitamos sensación de angustia ou temor. Nas primeiras idades os nenos son como esponxas, captan perfectamente o noso estado de ánimo e preocupacións, sen necesidade de que o digamos.

Algunhas cuestións a ter en conta son:

- Non usar a escola como ameaza nin como castigo. Non empregar frases como :”xa verás cando vaias a escola...”, “prepárate, que a mestra vaite poñer a andar”,...
- Explicarlle como é a escola, que a partir de agora xa non vades estar todo o tempo con el, que alí vai haber moitos nenos, que van ter moitos xoguetes para compartir, e todo o que se vos ocorra para que a vexan da maneira mais agradable posible.
- É aconsellable levar ós nenos e nenas de visita a escola, antes de que empecen as clases. Deste xeito iranse familiarizando co seu contorno futuro.
- Non é bo que falten os primeiros días, salvo razóns xustificadas, para que non se rompa o ritmo normal de adaptación.
- Convén que o inicio da escolarización non coincida con ningún conflito para o neno, como o abandono de cueiros,...
- É recomendable cambiar previamente a súa rutina diaria e os seus ritmos horarios para que o choque non sexa tan brusco.
- Non prolongar as despedidas no colexio. Ás veces con esta actitude provocamos o choro, a angustia.
- En ningún caso hai que dicirlle mentiras do tipo: “vou mercar algo e axiña veño a buscarte...” Tampouco é positivo marchar da aula aproveitando que está entretido.